

Resolución do 5 de maio do 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convoca a selección de centros que participarán no Programa Lanzadeiras Lugo durante o curso 2022/2023.

O Plan de Emprendemento do Sistema Educativo de Galicia, eduemprende, posto en marcha pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pretende sensibilizar a toda a comunidade educativa e favorecer a introdución do espírito emprendedor no alumnado, proporcionando os medios e instrumentos necesarios para conseguilo.

Entre as accións incluídas no plan eduemprende, atópase o programa Lanzadeiras Lugo. Este programa está enmarcado dentro do convenio de colaboración establecido entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Alcoa para o desenvolvemento de actuacións conxuntas a favor do impulso do espírito emprendedor.

O programa Lanzadeiras Lugo pretende promover a creación de miniempresas nas ensinanzas non universitarias co fin de concienciar e potenciar as competencias profesionais, sociais e persoais emprendedoras do alumnado. Con este fin organizaranse actividades baseadas na aprendizaxe a través da práctica, reproducindo de forma realista o funcionamento das empresas e incidindo nas habilidades e destrezas do alumnado.

Por todo o exposto anteriormente e coa finalidade de seguir avanzando na promoción da cultura emprendedora, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto

Convocar e establecer as bases para a selección de centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que participen no Programa Lanzadeiras Lugo durante o curso 2022/2023.

Segundo. Actividades do programa

As actividades contempladas neste programa distribuiranse en dúas fases segundo se indica a continuación:

- **FASE 1: DESENVOLVEMENTO DUNHA MINIEMPRESA:** Os centros participantes no proxecto participarán na posta en marcha de miniempresas que impliquen a participación de alumnado e profesorado do centro.

Un/ha dos profesores/as participantes no proxecto asumirá as funcións de coordinador/a do proxecto, co fin de asegurar o contacto e a comunicación regular entre todos os participantes, promover unha colaboración eficaz e facilitar a distribución e realización do traballo en equipo. O resto do profesorado participante no programa será profesorado colaborador.

Tanto o profesorado coordinador como colaborador implicado nos proxectos seleccionados recibirá formación especializada e asesoramento para o desenvolvemento do mesmo. Os proxectos seleccionados serán obxecto de financiación.

- **FASE 2: CONCURSO DE MINIEMPRESAS:** Os proxectos seleccionados no programa deberán participar no Concurso Miniempresas Lugo 2022/2023. A presentación da miniempresa farase en formato audiovisual e non deberá exceder os 5 minutos, podendo empregar para reforzar os contidos outros formatos (diapositivas, pósters, debuxos, fotografías e colaxes).

Dita presentación deberá detallar, polo menos, os seguintes puntos:

- Nome comercial



- Descrición da actividade da empresa
- Organigrama
- Sector de referencia
- Localización
- Organización
- Beneficios para a contorna

Para a súa entrega habilitarase unha tarefa no espazo de coordinación do programa en PLATEGA (Programa Lanzadeiras - Concurso Miniempresas Lugo 222/23), na que as persoas coordinadoras subirán a presentación correspondente a: <https://www.edu.xunta.gal/platega/mod/assign/view.php?id=147726>).

A data límite de entrega será o 8 de xuño do 2023. Os importes dos premios deste concurso serán:

PREMIO	IMPORTE
1º Premio	3.000 €
2º Premio	2.000 €
3º Premio	1.000 €

Terceiro. Temporalización

As actividades do Programa Lanzadeiras Lugo desenvolverase ao longo do curso escolar 2022/2023, temporalización que, ao igual que a metodoloxía do programa, adaptarse tendo en conta calquera circunstancia sobrevida de forza maior.

Cuarto. Destinatarios

Centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia de Lugo con alumnado de 6º de educación primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

Quinto. Proceso de solicitude e prazo de presentación

Para participar neste programa o centro educativo deberá cubrir e presentar a instancia de solicitude (Anexo I), xunto cun proxecto seguindo os apartados establecidos a continuación, tendo en conta que a extensión máxima será de 20 páxinas, en formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e entreliñado sinxelo. O proxecto deberá estar redactado en galego.

Apartados do proxecto:

- Nome da miniempresa
- Breve definición
- Obxectivos
- Fases
- Proposta de orzamento
- Selección dos participantes
- Organigrama
- Avaliación
- Participación da comunidade educativa
- Difusión do proxecto

Se o centro educativo desexa presentar máis dun proxecto, terá que presentar unha solicitude e un proxecto por cada un deles. As solicitudes enviaranse desde a conta de correo electrónico do centro educativo a solicitudes.eduemprende@edu.xunta.gal co asunto "Solicitude programa Lanzadeiras 2022-2023".



O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Sexto. Selección dos centros

Unha vez pechado o prazo de solicitude de participación avaliaranse os proxectos presentados segundo os seguintes criterios:

- Carácter innovador do proxecto (2 puntos).
- Integración de diferentes áreas, materias ou módulos do niveis educativos implicados no proxecto (2 puntos).
- Planificación e viabilidade do proxecto (2 puntos).
- Plan de difusión (2 puntos).
- Plan de avaliación do cumprimento dos obxectivos establecidos no proxecto (2 puntos).

Serán seleccionados para participar no programa aqueles proxectos que acaden unha puntuación mínima de 5 puntos.

A comisión de selección estará composta por tres persoas da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo, con categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou asesor/a técnico/a docente. Unha delas actuará como presidente/a da comisión e outra como secretario/a. Unha vez valorados os proxectos presentados, esta comisión realizará unha proposta de resolución que elevará á Directora Xeral de Formación Profesional, quen ditará resolución. A comisión de selección ten facultades para tomar todas as decisións que estime oportunas sobre a selección de centros para a viabilidade e sustentabilidade do programa Lanzadeiras Lugo 2022/2023.

Sétimo. Xustificación

Os coordinadores de cada proxecto entregarán unha memoria final antes do 26 de xuño de 2023 no espazo de coordinación do programa habilitado en PLATEGA para esta finalidade :*Memoria final 22/23*. (<https://www.edu.xunta.gal/platega/mod/assign/view.php?id=147727>).

Esta memoria deberá recoller o traballo realizado co alumnado participante e deberá conter os seguintes puntos:

- Presentación da miniempresa
- Nome da empresa
- Forma xurídica
- Data de constitución
- Sector da actividade
- Breve resumo
- Actividades realizadas
- Organización e desenvolvemento
- Resultados obtidos (relación e valoración dos resultados)
- Xestión económica
- Conclusións

Deberá estar redactada en galego con formato DIN A4, letra Arial tamaño 12 e entreliñado sinxelo. A non entrega da memoria final do proxecto no prazo indicado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.



Noveno. Certificación do profesorado

O traballo realizado polo profesorado coordinador e colaborador deste programa, nos centros seleccionados, será recoñecido como actividade de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas e 20 horas respectivamente. Para este recoñecemento será necesario a valoración positiva da memoria final presentada e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador e colaborador do programa, indicando en cada caso a súa función. Esta certificación da dirección tamén será entregada a través de PLATEGA.

Décimo. Orzamento

O importe destinado á creación de miniempresas e ás actividades formativas para o alumnado e profesorado será de 38.582 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.07.422M.640.13 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, dos orzamentos de 2023. O importe destinado aos premios do concurso de miniempresas será de 6.000 euros con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

O orzamento desta convocatoria está condicionado ao ingreso do crédito correspondente por parte da Fundación ALCOA.

Undécimo. Pagamento

O importe da achega económica pola participación no programa será transferido ao centro educativo participante no período correspondente ao exercicio económico 2023.

Os proxectos seleccionados recibirán un aporte económico que poderá ser inferior ao orzamento presentado. O importe recibido por cada proxecto para a creación da miniempresa e as actividades formativas que impliquen non superará os 3.125 €.

No caso dos proxectos gañadores do concurso de miniempresas, o importe do premio será transferido ao centro educativo correspondente nun pago único ao longo do exercicio económico 2023.

Os centros xustificarán os gastos de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios e na orde de 12 de xaneiro de 1988, pola que se regula a aprobación e xustificación de gastos de funcionamento dos centros docentes públicos non universitarios, no que non se opoña ao mesmo segundo establece a disposición transitoria do mencionado decreto.

Os xustificantes orixinais e demais documentos acreditativos dos pagamentos realizados, quedarán baixo custodia e responsabilidade do secretario ou persoa que asuma as súas funcións e á disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e dos órganos de control financeiro da Comunidade Autónoma para a realización das comprobacións oportunas no ámbito das súas respectivas competencias.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional

